

REGULAMENTO DAS MARCHAS CICLISTAS POPULARES DO CONCELLO DE FERROL. 2021-2022

Artigo 1: Organización:

As Marchas Ciclistas Populares. Concello de Ferrol para a tempada 2021 - 2022 organizadas pola Concellería de Deportes do Concello de Ferrol e coa asistencia técnica do Club Ciclista Ferrol, darán comenzo coa celebración da primeira marcha o 27 de Febreiro de 2022 e finalizarán o 26 de xuño de 2022

Artigo 2: Participación:

A participación nas marchas ciclistas, esta aberta a calquera cidadán, tango federado como non federados.

Os menores de 15 anos deberán ir acompañados dun adulto.

Cada persoa participa baixo a súa responsabilidade entendendo que dispón de unha condición física suficiente para rematar a marcha. A Organización ten subscrito un seguro colectivo de accidentes e responsabilidade civil. De todos os xeitos, a *Organización recoméndalles aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.*

As marchas cumprirán en todo momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades deportivas no contexto da nova normalidade provocada pola COVID-19, partindo do protocolo FÍSICOVID-DXT GALEGO da Federación Galega de Ciclismo, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo caso, ao cumprimento das normas de prevención da COVID19 que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. Polo que a organización, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios que sexan necesarios. (* Ver anexo 1 a este regulamento.)

Artigo 3: Percorrido, distancias e horarios.

1.- Cada marcha discorrerá por un circuíto, dentro do termo municipal de Ferrol, de acordo co seguinte cadro:

	TEMPADA 2021 - 2002	KMS	DATA
Tempada 2021 - 2022	1º Marcha ciclista	8,5 kms	27 Febreiro 2022
	2º Marcha ciclista	10 kms	27 Marzo 2022
	3º Marcha ciclista (Saída dende o Centro Cívico de Canido)	11,5 kms	24 Abril 2022
	4º Marcha ciclista (SEMANA MUNDIAL DA SEGURIDADE VIAL)	13,5 kms	22 Maio 2022
	5º Marcha ciclista ("XX MEMORIAL JOSÉ DANIEL GARCÍA LEIRA")	15 kms	26 Xuño 2022

2.- A organización poderá modificar este regulamento ou o circuito polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.

3.- Todas as marchas sairán e rematarán na Praza de Armas ás 11'00 horas agás a 4ª marcha.

4.- A organización contará coa axuda da Policía Local, Protección Civil, persoal do Servizo de Deportes e membros do Club Ciclista Ferrol, que regularan o tránsito o longo do percorrido.

Artigo 4: Inscricións.

Inscricións. A inscrición a cada marcha ciclista é obrigatoria. As inscricións poderán efectuarse antes do comezo de cada marcha ciclista nos formularios que a organización proporcionará para tal fin.

Asimesmo, no momento da inscrición, os participantes deberán poñer un teléfono e persoa de contacto en caso de emerxencia.

No caso dos menores de idade, o pai/nai ou titor legal deberá asinar a autorización da inscrición da carreira do menor.

Constará no formulario de inscrición o compromiso dos participantes de aceptar as directrices do persoal da organización e dos persoal de seguridade e organización das marchas.

Coa inscrición as marchas, cada participante acepta os riscos inherentes a súa participación, sobre todo os riscos de saúde, de caída ou colisión, así como os riscos referidos o tráfico rodado e as adversas condicións atmosféricas.

Artigo 5: Obrigas dos participantes.

Todos os participantes nas marchas ciclistas están na obriga de cumprir coas normas de circulación, e as que en algún momento determinado estableza por seguridade o responsable da marcha.

O casco rixido é obrigatorio en todas as marchas. Non se permitira a participación de ningunha persoa sen o seu uso.

O Concello de Ferrol e o Club Ciclista Ferrol non se fan responsables dos danos morais ou materiais sufridos polas persoas participantes nesta proba ou que estas ocasionen a outras persoas.

Artigo 6 Seguro: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar de saída da marcha ou desde o mesmo.

Artigo 7.- Sorteo de agasallos. O remate de cada marcha haberá un sorteo de agasallos ata fin de existencias entre os participantes.

So poderán participar no sorteo os ciclistas debidamente inscritos na marcha.

Artigo 8.- Protección de datos. Ao se inscribiren, todos os corredores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación ou en internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións respecto da súa actividade.

En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido ao Servizo de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, <deportes@ferrol.es>.

Anexo I: PERCORRIDOS:

-MARCHAS CICLISTAS POPULARES CONCELLO DE FERROL 2021-2022 1ª MARCHA, 27 DE FEBREIRO DO 2.022
Detalle
Saída en Ferrol, ás 11,00 horas, Praza de Armas
Esq pola R/ Terra
Esq pola R/ Igrexa
R/ Rochel
Der pola R/ Españaoleto
Esq pola R/ Dr Iglesias Parga
Der pola Avda de Vigo
Esq pola R/ Ricardo Carballo Calero
Cruce coa Estrada de Castela (Agrupar)
R/ Cataluña.
Esq pola R/ Cuntis.
Der pola Avda. de Compostela.
R/ Virgen de la Cabeza.
Der pola estrada de Catabois.
Na Rotonda, 1ª saída por Sta Mariña
Avda Santa Mariña
Esq polo Camiño do Tiro (agrupar)
Der pola estrada de Catabois
Esq polo Camiño de Pazos
Esq polo Camiño de Pazos (CEIP Pazos)
Esq pola estrada de Pazos
Cruce coa estrada de Joane (Agrupar)
Esq pola estrada de Joane
Cruce coa estrada de Catabois (Agrupar)
Der pola estrada de Catabois
Na rotonda de Canido. 3ª saída pola R/ Terra
R/ Terra
Der Praza de Armas. Remate do percorrido
TOTAL DO PERCORRIDO: 8,5 KMS. (Aproximadamente).

MARCHAS CICLISTAS POPULARES CONCELLO DE FERROL
2021-2022
2ª MARCHA, 27 DE MARZO DO 2.022

Detalle

Saída en Ferrol, ás 11,00 horas, Praza de Armas.

Esq pola R/ Rubalcava.

Esq pola R/ Sol

Der pola R/ Mendez Nuñez

Der pola R/ Rampla.

Esq pola R/ Doctor Fleming.

Esq pola R/ Concepción Arenal.

Praza de Canido. 3ª saída (Agrupar)

Der pola estrada de Catabois.

Esq pola estrada de Joane.

Esq pola Avda 19 de Febreiro

Der polo camiño da Igrexa de Serantes

Esq pola Viladóniga- Vilasánchez

Esq pola R/ Fdo Fernández Bastida

Der pola Avda 19 de Febrero*

Rotonda DP 3612* (Agrupar)

Na Rotonda, 2ª saída pola estrada de A Malata*

Despois de rotonda, desvío dcha. dirección ao Porto pola Autoestrada

Estrada do Porto

Plaza Vella.

Esq pola R/ Igrexa

Der pola R/ Rubalcava.

Praza de Armas, Remate do percorrido

TOTAL DO PERCORRIDO: 10 KMS. (Aproximadamente).

* Se problemas coas obras de Serantes:

Siguese de fronte pola Estrada da Malata

Der polo Estadio da Malata

Na rotonda do estadio da Malata, 2ª saída dir Canido/Estrada do Porto

**MARCHAS CICLISTAS POPULARES CONCELLO DE FERROL
2021-2022**

3ª MARCHA, 24 DE ABRIL DO 2.022

Detalle

Saída dende o Centro Cívico de Canido, ás 11,00 horas, R/ Poeta Pérez Parallé

R/Navegantes

Na Praza de Canido. 1ª saída

Der pola R/ Alegre

Esq pola R/ Coruña

Esq pola R/Irmandiños

R/Taxoneira

Esq pola R/Españoleto

Der R/Naturista López Seoane

Esq pola Avda Vigo

Na Rotonda González Llanos, 3ª saída pola Avda. de Vigo. (Agrupar)

Der pola R/ Ricardo Carballo Calero.

Cruce coa Estrada Castela (Agrupar)

R/ Cataluña.

Esq pola R/ Cuntis.

Der pola Avda. de Compostela.

Paseo da Estación.

Der pola R/ Virgen da Cabeza. (Agrupar)

Der pola Estrada de Catabois

Der pola Avda Sta Mariña.

Der pola estrada de San Pedro.

R/ Mestre García Niebla. (Agrupar)

Camiño Barbeito

Esq R/As Constituíntes

Der pola Avda Salvador Allende

Der pola R/ Bertón.

R/Colombia (agrupar)

Esq pola Estrada de Castela

Der pola R/ Perbes

Esq pola R/ Fontemoura.

Der pola R/ Inferniño

Esq pola R/ Rio Mera

Der pola R/ Deporte

Esq pola R/ Rio Xallas

Esq pola R/ Monasterio de Monfero

Der pola R/ Pintor Pérez Villamil.

Der pola R/ Pontevedra.

Esq pola R/ Cuntis (agrupar)

Pola R/ Roi Xordo

Pola R/Sol

Der pola R/ Concepción Areal (agrupar)

Esq pola R/ Alegre.

Der pola R/ Alonso López

Der pola R/Muiño do Vento

R/ Poeta Pérez Parallé, Centro Cívico de Canido, Remate do percorrido

TOTAL DO PERCORRIDO: 11,5 KMS. (Aproximadamente).

MARCHAS CICLISTAS POPULARES CONCELLO DE FERROL
2021-2022
4ª MARCHA, 22 DE MAIO DO 2022
Semana mundial da seguridade vial

Detalle
Saída en Ferrol, ás 11,00 horas, Praza de Armas.
Esq pola R/ Terra
Der pola R/ da Igrexa
R/ Rochel
Der pola Avda. de Vigo. (agrupar)
Na Rotonda González Llanos. 3ª saída, pola Avda de Esteiro
Avda. de Esteiro.
Na Rotonda Uxío Novoneira. 3ª Saída, pola R/ Nova de Caranza
Der pola R/ Nova de Caranza.
Esq pola R/ Santa Comba
Der pola R/ Venezuela
Der pola R/Sánchez Calviño
Esq pola R/ Uruguai
Esq pola R/ Vila Soledad
Der pola R/ Venezuela
Esq polo Camiño de Barbeito (agrupar)
Avda Mestre García Niebla
Esq pola R/Río Xubía
TOTAL DO PERCORRIDO: 13,5 KMS. (Aproximadamente).

MARCHAS CICLISTAS POPULARES CONCELLO DE FERROL
2021-2022
5ª MARCHA, 26 DE JUÑO DO 2.022
“XX MEMORIAL JOSÉ DANIEL GARCÍA LEIRA”

Saída en Ferrol, ás 11,00 horas, Praza de Armas.
Esq pola R/ Rubalcava.
Esq pola R/ Sol.
Der pola R/ A Coruña.
Der pola R/ Irmandiños.
R/ Espíritu Santo.
Paseo da Mariña.
Baluarte.
Estrada Alta do Porto.
Der pola R/ Celso Emilio Ferreiro. (agrupar)
Praza de Canido.
Estrada de Catabois.
Der pola Estrada Sta Mariña
Esq pola Cño do Tiro (agrupar)
Der pola Estda Catabois (agrupar)
Na Rotonda de la Residencia. 1ª saída pola vía de servicio
Na rotonda de Decathon, 2ª saída pola Estda S Pedro
Estrada de San Pedro.
R/ Mestre García Niebla. (agrupar)
Esq pola Estrada de Castilla ata a Rotonda.
Na rotonda, 1º saída, pola Avenida de Nicasio Pérez.
Der pola Avda Salvador Allende.
Esq pola R/ Sartaña.
Der pola Marqués de Sta Cruz
Rotonda do Conservatorio, 3º saída, pola Avda do Mar (agrupar)
Esq pola R/ Cuco Ruíz de Cortazar
Esq pola R/ Masaia (agrupar)
Der pola Avda de Castelao
Esq pola R/ Exército Español
Esq pola R/ Padre Feijóo
R/ Lepanto
Esq pola R/ Rúa 9 (Agrupar)
Rotonda do Conservatorio, 2ª saída pola Avda de Telleiras
Avda de Telleiras, ata a Rotonda de Uxio Novoneira.
Na Rontonda de Uxio Novoneira. 3ª saída
Avenida de Esteiro.
Esq pola Estrada de Circunvalación.
Der pola R/ Mendizábal
Der pola R/ Animas (Agrupar)
Esq pola R/ Españolito
Der pola R/ Taxonera
R/ Irmandiños
Der pola R/Igrexa
Esq pola R/Rubalcava
Praza de Armas, Remate do percorrido
TOTAL DO PERCORRIDO: 15 KMS. (Aproximadamente).

Anexo II: MEDIDAS DE PREVENCIÓN FRONTE A COVID 19 A APLICAR NAS MARCHAS CICLISTAS POPULARES DO CONCELLO DE FERROL.2022

PROTOCOLO FISICOVID – DXT - GALEGO-CICLISMO

ANTES DA COMPETICIÓN

1. Os deportistas terán que portar a máscara para acceder ao circuío.

DURANTE A COMPETICIÓN

1. Distancia de seguridade en toda a formación de grella de 1,5 m.
2. Participantes utilizarán a máscara e separación de 1,5 m, quitándosela 30" antes da saída.
3. O persoal auxiliar e técnico só poderá permanecer nas zonas habilitadas, antes do acceso á mesma deberán desinfectar as mans no punto de xel hidroalcohólico que poñerá a disposición a organización. E sempre con máscara.

DESPOIS DA COMPETICIÓN

1. Todo corredor que pase a liña de chegada poñerá a máscara.
2. Non haberá zona de duchas nin vestiarios.
3. Non poderá haber cantina nin zonas de comida e bebida.
4. Recoméndase que todos os deportistas abandonar o recinto da proba aos 30' da finalización da proba.
6. Todo deportista, auxiliar, técnico. Que non cumpra estas normas, prohibiráselle estar automaticamente na zona da proba.
7. Todo persoal da Organización, médicos, asistentes, deberán portar a máscara en todo momento en todas as zonas do evento e dentro do propio coche durante a competición.

CERIMONIA DE PREMIACIÓN

A cerimonia de premiación realizarase inmediatamente ao termo da proba.

1. Obrigatorio o uso de máscara, distancia de seguridade e puntos de limpeza e desinfección de mans.
2. Habilitaranse zona diferenciada para a recollida de regalos.
4. Se podera retirar a máscara para a foto, sempre que se cumpra a distancia de seguridade de 1,5m.

DESPRAZAMENTOS EN VEHÍCULOS COLECTIVOS

Cando os deportistas desprácense en medios de transporte colectivo deberán cumprirse as normas:

1. Uso de máscaras dentro do vehículo durante a viaxe..
2. Uso regular do desinfectante de mans.

Anexo II: FOLLA DE INSCRIPCION



MARCHAS CICLISTAS POPULARES CONCELLO DE FERROL. 2021 - 2022

INSCRICIÓN

APELIDOS:	
NOME:	
DATA DE NACEMENTO:	TELEFONO:
EN CASO DE EMERXENCIA CHAMAR A :	

Cubrir só no caso de que o participante sexa MENOR DE IDADE:

NOME E APELIDOS DO PAI/NAI/TITOR LEGAL:	
DNI:	TLF:
Autorizo a participación do meu fillo/a na marcha ciclista popular do Concello de Ferrol	

- Declaro que coñezo e acepto as normas de participación na actividade que coñezo e acepto as normas de participación na actividade

En Ferrol a ___ de _____ do 2022.

Asdo:

* parte dianteira

Ao inscribirse, os participantes aceptan a publicación das imaxes en medios de comunicación e/ou internet. De igual maneira, mediante a inscrición consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade. En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido á Concellería de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, deportes@ferrol.es.

Como participante da marcha, comprométo-me a aceptar as directrices do persoal da organización e dos persoal de seguridade e organización das marchas.

Coa inscrición acepto os riscos inherentes a participación, sobre todo os riscos de saúde, de caída ou colisión, así como os riscos referidos o tráfico rodado e as adversas condicións atmosféricas.

*Parte traseira